

Media ducia de persoas fan posible día a día o portal "meis.blogaliza.org". Unha páxina na que se repasa a actualidade municipal de Meis dende unha óptica próxima ó nacionalismo de esquer-

das. Pero ademais, este blog estase convertendo nunha biblioteca na que é posible atopar reunidos un bo número de artigos sobre a historia local e a vida dalgúns dos veciños de Meis. Entre estos

traballos figuran un sobre as estadias de Castelao no municipio; sobre a feira do gando do Mosteiro; sobre as sociedades agrarias do século XX; ou sobre a lenda do Santo Ero.

Todo un pobo resumido en internet

Veciños de Meis manteñen un blog no que se dan a man a actualidade política e a historia local

ANXO MARTÍNEZ ■ Meis

Nos últimos anos, a internet afianzouse como un poderoso sistema de comunicación social. As páxinas web, os blogs, as redes sociais tipo Facebook... son xa vitais para o traballo de moitas empresas e asociacións, e mesmo no mundo da política dá a impresión a veces de que as eleccións se deciden na rede.

Parelo a este movemento, nalgúns concellos agromaron nos últimos tempos proxectos de páxinas web ou blogs creados por veciños nos que se repasa a actualidade dos concellos, e se recordan algúns dos episodios ou dos personaxes máis importantes da historia dunha localidade. Hai portais deste tipo en O Grove ou Cambados —nesta vila o pioneiro foi o "Cambados Tk" creado por Óscar Pardo Planas, que neste 2010 cumpriu os seus cinco primeiros anos de vida— e tamén Meis conta con deles dende marzo de 2007.

Un dos impulsores desta iniciativa é Celso Milleiro. Conta que na actualidade traballan de xeito máis ou menos habitual en "meis.blogaliza.org" media ducia de persoas de entre 30 e 40 anos, pero que tamén contan co apoio dun bo número de colaboradores externos que de cando en vez mandan algún traballo para publicar.

Á parte da páxina web oficial do Concello, este é o único blog de carácter xeneralista que se renova con frecuencia en Meis —hai outras páxinas específicas, como as do Dolorock, a do mosteiro da Armenteira ou a da Semana Santa de Paradela— e consta de dúas temáticas principais: a análise crítica da actualidade municipal, e o repaso á his-



Celso Milleiro, Pilar Xiráldez e Sandra Carballa son tres dos integrantes do blog de Meis. // J.L. Oubiña

toria local.

Celso Milleiro explica que "a páxina naceu como un punto de información para a xente de Meis e para sacar á luz cuestións

históricas e biografías". Admite tamén que o blog ten unha visión moi crítica da xestión do equipo de goberno do Partido Popular, pois entenden que "en

Meis semella que a xente cando vai ver ó alcalde aínda ten a idea de que vai pedir un favor". Milleiro opina tamén que "moita xente en Meis aínda ten medo a

falar abertamente de certos temas". Neste blog existe a posibilidade de deixar algún comentario ou opinión, e Celso Milleiro conta que os temas relacionados coa política municipal adoitan ser os que máis diversidade de opinións xeneran. Nese sentido, lembra que os artigos sobre os salarios do alcalde e os concelleiros foran no seu día un auténtico éxito de participación.

Con todo, algunha xente aproveita o anonimato dos foros para verquer insultos ou descalificacións persoais. Algo así tamén lle pasou a Óscar Pardo co "Cambados Tk" e á fin optou por pechar o foro. Milleiro explica que no caso de Meis "non chegamos a pechar o foro, pero si que nos vimos obrigados algunhas veces a eliminar mensaxes".

A maioría dos que traballan máis a cotío no blog son persoas de ideoloxía próxima ó Bloque Nacionalista Galego, pero afirman estar abertos ás colaboracións das demais formacións políticas do concello.

Historia e biografías

Outra parte fundamental de "meis.blogaliza.org" é o repaso de momentos históricos vinculados a Meis ou as biografías dalgúns dos seus veciños máis salientables. Entre os personaxes reseñados na páxina están José Arribas, o único alcalde de esquerdas que tivo Meis; Manuel Barros Chantada, "O Rancheiro", un republicano que durante a guerra conseguiu evitar a morte inventándose unha identidade falsa; Manuel Pesqueira, un dos grandes pintores galegos do século XX; ou Robustiano Fernández Cochón, autor das escalinatas do santuario de Amil e defensor do estadio de Pasarón.

A perigosa odisea do "Rancheiro"

Unha das biografías ás que máis aprezo lle ten Celso Milleiro é a de Manuel Barros Chantada, "O Rancheiro". Trátase dun home nacido en 1910 en San Salvador e finado en Bos Aires (Arxentina) en 1987. Fillo de labregos —seu pai foi tenente de alcalde en Meis e botou tres anos encarcerado en San Simón—, el mesmo se adicou á agricultura ata a Gue-

rra Civil, época na que aprendería o oficio de canteiro.

"O Rancheiro" foi republicano, pero durante a guerra reclutárono á forza no exército nacional. Aínda así desertou e incorporouse ás ringleiras leais ó Goberno. Pero volvérono prender, e para evitar que o matasen inventou unha identidade nova, facéndose pasar por un home nacido en Tole-

do e residente en Asturias.

Ó remate da guerra marchou emigrado para Arxentina, e en 1980 escribiu un pequeno libro no que relata as súas durísimas experiencias durante a guerra. Celso Milleiro explica que con estas biografías "o que queremos é demostrar que Meis tamén ten os seus heroes, persoas que loitaron polos seus ideais".

Los cosecheros de tinto de Barrantes aún disponen de excedentes de producción

El precio de la botella rondará los 5 euros en la caseta oficial de la fiesta

A.M. ■ Ribadumia

Los productores de tinto de Barrantes todavía tienen vino en sus bodegas. En años anteriores, a esta altura de la primavera la mayoría de cosecheros ya no disponían de vino, pues la producción era menor. Sin embargo, la pasada vendimia fue buena en cantidad, y por ese motivo hay agricultores a los que les está costando algo más comercializar toda su producción.

Uno de los organizadores de la Festa do Viño Tinto de Barrantes, Manuel Abuín Castro, "Piris", recuerda que durante el evento los cosecheros que lo deseen pueden reservar un espacio en

la caseta que monta la comisión de fiestas en la calle principal de Barrantes. La previsión es que entre seis y ocho bodegueros comercialicen su vino en la caseta oficial, aunque la cifra todavía no está cerrada.

Los interesados en reservar plaza pueden ponerse en contacto con la comisión de fiestas o con Marta Lucio, que echará una mano desde la Diputación en la organización de los espacios. A este respecto, Manuel Abuín indica que el coste del alquiler es simbólico —el año pasado rondó los 50 euros por los tres días de fiesta—, y que ese dinero se dedica a sufragar parte de los gastos de la fiesta.

En cuanto al precio del vino, aún está por determinar, pero "Piris" estima que la botella de 75 centilitros de vino de Barrantes se venderá en las casetas oficiales a un precio aproximado de cinco euros. También es posible degustar los caldos por taza, y en ese caso la consumición costará en torno a un euro.

Comienzo de las catas

La fiesta del vino de Barrantes se celebra entre el 4 y el 6 de junio. Estaba previsto que ayer comenzasen en un "loureiro" de Covas (Meaño) las catas previas de los vinos que se presentan a concurso. Continúan este sábado en otras parroquias.



La fiesta del tinto de Barrantes empieza el 4 de junio. // Iñaki Abella